



I.E.S.
A XUNQUEIRA I

OFERTA EDUCATIVA
BACHARELATO

CON DESCRIPTORES DAS MATERIAS OPTATIVAS

**OFERTA EDUCATIVA DE BACHARELATO PARA O CURSO
2024/2025**

CON DESCRIPTORES DAS MATERIAS OPTATIVAS

1º BACHARELATO

OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Ciencias da Saúde)	4
OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Científico-Tecnolóxico)	5
OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Ciencias Sociais)	6
OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Humanidades)	7
OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Artes plásticas, imaxe e deseño)	8
OFERTA EDUCATIVA 1º BACHARELATO (Musical e Artes escénicas).	9
ANATOMÍA APLICADA.....	10
CORO E TÉCNICA VOGAL I.....	11
CULTURA AUDIOVISUAL.....	12
CULTURA CIENTÍFICA.....	13
DEBUXO TÉCNICO I.....	14
FÍSICA E QUÍMICA.....	15
FRANCÉS.....	15
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO.....	17
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL.....	18
LITERATURA GALEGA S. XX E ACTUAL.....	19
LITERATURA UNIVERSAL.....	20
PROXECTOS ARTÍSTICOS.....	21
RELIXIÓN.....	22
TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA.....	23
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC).....	24
VOLUME.....	25

2º BACHARELATO

OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Ciencias da Saúde)	26
OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Científico Tecnolóxico)	27
OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Ciencias Sociais)	28
OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Humanidades)	29
OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Artes plásticas, imaxe e deseño)	30
OFERTA EDUCATIVA 2º BACHARELATO (Musical e artes escénicas)	31
CORO E TÉCNICA VOGAL II.....	32
DEBUXO TÉCNICO II.....	33
DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES.....	34
FÍSICA.....	35
FRANCÉS II.....	36
HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA.....	37
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS.....	38
PSICOLOXÍA.....	39
RELIXIÓN.....	40
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA.....	41
TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA.....	42
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC).....	43
XEOGRAFÍA.....	44
XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA.....	45
XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS.....	46

1º BACHARELATO

(Ciencias da saúde)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (4 h.)
FÍSICA E QUÍMICA (4 h.)
MATEMÁTICAS I (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

ANATOMÍA APLICADA (4 h.)
CULTURA CIENTÍFICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC) (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

1º BACHARELATO

(Científico-Tecnolóxico)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

MATEMÁTICAS I (4 h.)

Elexir dúas entre:

DEBUXO TÉCNICO I (4 h.)
FÍSICA E QUÍMICA (4 h.)
TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA I (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

CULTURA CIENTÍFICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL I (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC) (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

1º BACHARELATO

(Ciencias sociais)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

ECONOMÍA (4 h.)
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (4 h.)
MATEMÁTICAS APLICADAS I (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

CULTURA CIENTÍFICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL I (4 h.)
LITERATURA GALEGA DO S. XX E ACTUAL (4 h.)
LITERATURA UNIVERSAL (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I (TIC) (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

1º BACHARELATO

(Humanidades)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

GREGO (4 h.)
LATÍN (4 h.)

Elexir unha entre:

Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (4 h.)
LITERATURA UNIVERSAL (4 h.)

OPTATIVAS (A eleixir unha)

CULTURA CIENTÍFICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL I (4 h.)
LITERATURA GALEGA DO S. XX E ACTUAL (4 h.)
LITERATURA UNIVERSAL (4 h.)

(A eleixir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)
RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

1º BACHARELATO

(Artes plásticas, imaxe e deseño)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

CULTURA AUDIOVISUAL (4 h.)
DEBUXO ARTÍSTICO I (4 h.)
DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES I (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

CULTURA CIENTÍFICA (4 h.)
HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL I (4 h.)
LITERATURA GALEGA DO S. XX E ACTUAL (4 h.)
LITERATURA UNIVERSAL (4 h.)
PROXECTOS ARTÍSTICOS (4 h.)
VOLUME (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

1º BACHARELATO

(Musical e artes escénicas)

COMUNES

EDUCACIÓN FÍSICA (3 h.)
FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

ANÁLISE MUSICAL I (4 h.)
ARTES ESCÉNICAS I (4 h.)

Elexir unha entre:

CORO E TÉCNICA VOGAL I (4 h.)
CULTURA AUDIOVISUAL (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS I (4 h.)
LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL I (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)
RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)



ANATOMÍA APLICADA

Estás interesada ou interesado na estrutura e o funcionamento do corpo humano e a súa motricidade? Gustaríache coñecer aspectos relacionados co coidado do noso corpo e as súas doenzas? Pois esta é a túa materia.



Que vou a aprender?

Na materia de anatomía aplicada vas a coñecer o método científico. Aprenderás aspectos anatómicos e fisiolóxicos relacionados aparello dixestivo, circulatorio, respiratorio, uroxenital e locomotor. Veremos nocións sobre o metabolismo relacionados coa alimentación e a nutrición e traballaremos sobre as enfermidades máis comúns e sobre a importancia de incorporar hábitos saudables. Abordaremos aspectos sobre o sistema endócrino e nervioso, así como os efectos das drogas sobre o mesmo e a súa prevención.

Que vou a facer (como me van a avaliar):

Traballos de investigación en grupo sobre doenzas e lesións, visualización de documentais e lectura de noticias científicas en publicación con un espírito crítico, asistencia a charlas sobre temática científica e sobre saúde, exames teóricos para demostrar os nosos coñecementos.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Ciclo medio e superior en Auxiliar de enfermaría, Anatomía patolóxica, Dietética e nutrición, Ensinanza en animación deportiva, Acondicionamento físico, ... Graos de Medicina, Fisioterapia, Enfermería, Bioloxía, Podoloxía, Odontoloxía Nutrición humana e dietética, Ciencias da actividade física e o deporte.

Para máis información falar con Clara Alonso Rodríguez



CORO E TÉCNICA VOGAL I y II

A través do coro, as alumnas e os alumnos poden explorar e experimentar diferentes manifestacións culturais; trasladar á práctica o que se traballou en cursos anteriores e interpretar unha gran variedade de pezas de diferentes períodos históricos, culturais e estilos aplicando os coñecementos, as destrezas e actitudes adquiridos previamente.

Cantar individualmente ou en grupo é unha actividade motivadora, benéfica para a saúde, tanto no ámbito físico como mental, xa que favorece a postura corporal, a capacidade pulmonar, a memoria, reduce a tensión, mellora as relacións sociais e crea empatía, conciencia de grupo e dálle importancia ao traballo grupal. Ademais, ao igual que a práctica doutras actividades grupais musicais, axuda a desenvolver a perseveranza, disciplina, esforzo e constancia, ao tempo que contribúe ao fortalecemento da autoestima.

A materia de Coro e Técnica Vocal impártese en dous cursos, polo que se espera que o currículo se desenvolva de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de expresión artística colectiva, onde desenvolver e mellorar a habilidade de interpretar, a través da voz e do corpo, un repertorio extenso e variado desenvolvendo e mellorando a escoita activa, a respiración, a fonación, a resonancia vocal, os hábitos posturais ou os movementos que poden acompañar o canto.

Os criterios de avaliación e os contidos preséntanse organizados en tres bloques:

- Análise de pezas corais: vocabulario, estratexias de escoita activa, recursos escénicos...
- Técnica vocal: coidado da voz e a postura do corpo, vocalizacións...
- Práctica de conxunto: repertorio de coro, indicacións da dirección...



CULTURA AUDIOVISUAL

Gústache o **cine**, a **animación** e, en xeral, o mundo do espectáculo e o audiovisual? Gustaríache pasar a formar parte dun equipo para sacar adiante proxectos de **publicidade**, series e programas de **televisión**, **espectáculos**, **filmes** ou **documentais**? Non deixes pasar a oportunidade de aprender moito sobre este mundo profesional e creativo.



Que vou aprender?

Na materia de Cultura Audiovisual facemos un **repaso histórico da imaxe como medio de comunicación e expresión**, centrándonos na **fotografía**, o **cine** e a **televisión**. Vas a coñecer as regras da **linguaxe audiovisual** acompañado polos grandes **creadores de antes e agora**.

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Vas a **ampliar** as túas **referencias culturais e visuais** para coñecer a evolución dunha linguaxe, a audiovisual, que nos nosos días domina o campo da comunicación. Vas a **construir a túa propia cámara fotográfica** e vas a **realizar vídeos e curtas**.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

Ciclos formativos medio/superior da familia de Imaxe e Son, Grado en Comunicación Audiovisual e Publicidade, Grado en Belas Artes, diplomaturas e másteres en escolas de cine.

Desempeños profesionais: animación 2D e 3D, iluminación, dirección de fotografía, dirección de arte, produción, guión, realización de cine e TV, son...

Para máis información falar con... Joaquín Morales ou Xoán Pérez.



CULTURA CIENTÍFICA

Gustaríache coñecer o mundo que te rodea? Nesta materia aprenderás unha ampla gama de temas relacionados coa ciencia e a tecnoloxía para comprender ese mundo.



Que vou a aprender?

Descubrirás o método científico.

Afondarás no coñecemento do universo centrándonos no sistema solar.

Descubrirás a estrutura e dinámica da terra, os riscos xeolóxicos internos e externos e a orixe da vida no planeta e a súa evolución.

Aprenderás sobre a saúde e como manterte saudable e os últimos avances nas terapias e tratamentos xenéticos e verás aspectos relacionados coa reprodución e sexualidade.

Descubrirás as propiedades dos diferentes materiais, e como se utilizan para crear obxectos.

Aprenderás sobre as últimas tecnoloxías e as súas aplicacións a ciencia.

Coñecerás os recursos da terra e as enerxías, e as súas relacións co desenvolvemento sustentable do planeta.

Que vou facer (como me van avaliar):


Traballos de investigación en grupo ou individuais, visualización de documentais e lectura de noticias científicas relacionadas coa materia, prácticas de laboratorio e traballo de campo, exames teóricos para demostrar os nosos coñecementos.

Para máis información falar con Clara Alonso Rodríguez



DEBUXO TÉCNICO I

Arquitectura e enxeñería son dúas carreiras profesionais nas que o dominio do debuxo técnico é imprescindible. É mediante o debuxo que nacen as ideas e tamén se comparten, crecen e convírtense en grandes proxectos. Se tes interese por este tipo de desafíos, deberías cursar a materia de Debuxo Técnico I.



Que vou aprender?

Vas a aprender a analizar, razoar e **resolver gráficamente operacións matemáticas e construcións de xeometría plana**. Tamén vas a desenvolver a túa capacidade de **visión espacial** mediante o estudo da **xeometría descritiva**. Vas a coñecer as **normas e convencións gráficas** para a correcta realización e interpretación de debuxos e proxectos así como poderás introducirte no **deseño asistido por ordenador (CAD)**

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Despois dun **repaso histórico** da aparición e desenvolvemento da Xeometría, empezaremos desde o principio, estudando os **elementos da xeometría e as súas relacións**, as construcións fundamentais, as formas poligonais, as curvas, as **transformacións, escalas...** O **rigor gráfico**, a pulcritude e a **precisión** son características do debuxo técnico que deberás perfeccionar. Describir gráficamente obxectos e figuras mediante o debuxo das súas **vistas**, aplicando **escalas**. Debuxar representacións “tridimensionais” no **sistema axonométrico**, sempre aplicando as normas fundamentais (UNE, ISO, DIN).

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

“Grado en Estudos de Arquitectura”, “Grado en Arquitectura Técnica” e estudos relacionados co Deseño de Interiores. Enxeñerías: Mecánica, Industrial, Electrónica, Edificación, Obras Públicas...

Para máis información falar con... Joaquín Morales ou Xoán Pérez.



FÍSICA E QUÍMICA

As ensinanzas de Física e Química en bacharelato aumentan a formación científica que o alumnado adquiriu ao longo da educación secundaria obrigatoria e contribúen de forma activa á adquisición dunha base cultural científica rica e de calidade que lle permitirá desenvolverse con autonomía nunha sociedade que demanda perfís científicos e técnicos, tanto no ámbito da investigación como no mundo laboral. Tamén posúe carácter propedéutico para aqueles estudantes que desexen elixir unha formación científica máis avanzada no curso seguinte, no cal Física e Química se desdobrarán en dúas materias, unha para cada disciplina científica

B1: . A actividade científica na física e na química, bloque específico sobre destrezas científicas básicas.

B2: Enlace químico e estrutura da materia. Indispensable para os coñecementos de outras materias como a bioloxía.

B3: Reaccións químicas, profunda en coñecementos adquiridos previamente, proporcionándolle máis ferramentas para a realización de cálculos estequiométricos

B4: Química orgánica, aborda cunha maior profundidade as propiedades xerais dos compostos do carbono e ampliar a súa formulación e nomenclatura, e desta maneira deixar o alumnado en disposición de acceder a novos contidos da materia de Química, en segundo curso de bacharelato.

B5: Cinemática, enfoque vectorial, aborda un maior número de movementos permítelles ampliar as perspectivas desta rama da mecánica

B6: Estática e dinámica, descrición dos efectos das forzas sobre partículas e sobre sólidos ríxidos, que inclúe o estudo do momento resultante dun conxunto de forzas

B7: Enerxía, profundando máis no traballo, na potencia e na enerxía mecánica e a súa conservación e tamén nos aspectos básicos da termodinámica que lles permitan entender o comportamento de sistemas termodinámicos simples e as aplicacións máis inmediatas. Todo iso encamiñado a comprender a importancia do concepto da enerxía na nosa vida cotiá e noutras disciplinas científicas e tecnolóxicas

Con qué estudos se relaciona:

É unha materia indispensable para calquera das saídas académicas de ciencias, en segundo de bacharelato se divide en dúas materias Química, relacionada con todas as ramas da saúde, e Física, relacionada coas ramas tecnolóxicas como os graos en enxeñaría.



FRANCÉS

Estás interesad@ en aprender un dos cinco idiomas máis falados no mundo, o segundo máis utilizado na diplomacia despois do inglés, e o terceiro a nivel europeo no uso de Internet? Gústache viaxar e comunicarte a través de redes sociais con rapaces de outros países?

Esta é a túa materia.



Que vou aprender?

Aprenderás a falar francés e descubrirás tamén a cultura dos distintos países francófonos: Francia, Suíza, Mónaco, Luxemburgo, Bélxica, Canadá, Países do Magreb, Senegal, Costa de Marfil, etc

Que vou a facer?

Audicións, cancións, diálogos, Kahoot, traballos en grupo, lectura de textos, etc

Con que estudos superiores está relacionado/desempeños profesionais?

Estudar Francés como Segunda Lingua Estranxeira permíteche examinarte da materia nas ABAU, aumentando a túa cualificación. A Segunda Lingua Estranxeira pondera 0,2 en todas as carreiras de Humanidades e CC.SS incluídas as científicas nalgunhas outras comunidades. O francés é necesario para moitos ciclos formativos (Turismo, Comercio Internacional, Hostalería...) e algunhas carreiras (Tradución e interpretación, Filoloxía...).

A presenza de diversas empresas francesas na nosa comunidade (Stellantis/Citroën, Carrefour, Alcampo, Decathlon, Leroy Merlin, Conforama, Feu Vert, Fnac...) fai que se valore cada vez mais o coñecemento do francés para acceder a un posto de traballo.

Programa Cuale: Benefíciate no teu centro do único programa subvencionado pola Consellería de Educación para obter o título oficial de francés (Título DELF expedido polo Ministerio de Educación francés e/ou título da EOI do nivel B1) necesario para facer un máster, optar a bolsas no estranxeiro ou realizar un Erasmus (obrigatorio o nivel B1 ou B2 segundo o caso)

Para máis información falar con: Elena Pazos

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

Se tes interese na Historia Contemporánea e a evolución do mundo actual, con especial incidencia nos feitos máis relevantes, esta materia aportarache uns coñecementos moi útiles para a túa comprensión do mundo.



Que vou aprender?

A evolución da historia dende a fin do Antigo Réxime ata a actualidade. Estes son os extremos cronolóxicos da materia.

Os contidos que veremos son unha ampliación da Historia de 4º da ESO que non inclúe a Historia de España.

Entre outros temas destacan a Revolución Francesa, a Revolución Industrial, o colonialismo, os movementos sociais, o ocaso dos imperios, a I e a II Guerra Mundial, a Guerra Fría, o auxe dos totalitarismos, a descolonización, a evolución da Unión Europea, o mundo actual e como colofón a arte na Idade Contemporánea.

Que vou facer (como me van avaliar)?

Visualización de documentais, apoio audiovisual con presentacións en cada un dos temas, lectura de textos e documentos históricos, proxección de películas, dous exames teóricos por trimestre e algunha actividade complementaria de reforzo (saídas, conferencias, exposicións, visitas a museos, etc.)

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais.

Graos de Historia, Historia da Arte, Xeografía e Ordenación do Territorio, Ciencias Políticas, Humanidades, etc.

Para **mais información** falar con:

Manuel Reboredo, Xefe do Departamento Xeografía e Historia.



LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

Los criterios de evaluación y los contenidos de la materia se dividen en dos bloques:

El primero de ellos, «Lenguaje musical», incluye los aspectos relacionados con el lenguaje musical como fundamento teórico de la materia y el análisis de la música a través de la escucha activa y de la partitura; mientras que el segundo, «Práctica musical», hace referencia a las estrategias y técnicas de escucha para la práctica musical, a las técnicas de interpretación o de lectura, así como al uso de aplicaciones y programas informáticos para la edición de partituras, la producción musical y audiovisual y su difusión.

Dado que a materia ten dous bloques de contidos diferenciados, un teórico e outro de práctico, e que a metodoloxía das unidades é altamente procedimental, as porcentaxes de cada bloque de contidos serán:

- Proba teórica escrita: 30%. A proba teórica contará con exercicios de linguaxe musical, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras, de exercicios de composición, de transcripción de partituras a través de ferramentas dixitais, etc. Todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos de cada unidade. Ademais, poderá contar con preguntas en formato test e outras de redacción.

- Parte práctica, participación, traballo regular na aula e na casa, traballos a presentar na aula, interpretación instrumental/vocal/dancística, creación de proxectos audiovisuais ou escénicos, etc.: 70%. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática con táboas de indicadores ou rúbricas que se utilizarán en cada sesión, e tamén haberá unha rúbrica específica para as actuacións públicas, para os exames individuais prácticos de interpretación e para os proxectos audiovisuais e escénicos. No caso dos exames individuais o alumnado deberá demostrar que sabe completa a súa parte de interpretación da obra/s de avaliación.





LITERATURA GALEGA DO S. XX E ACTUAL

Dende a Idade Media até a actualidade, Galicia é berce de grandes escritores e escritoras. Esta pulsión creativa segue aínda hoxe con máis forza ca nunca. Nesta materia poderás afondar dende unha nova perspectiva na obra de literatos e literatas galegos que viviron e escribiron durante o século XX e, aínda mellor, daqueles que hoxe, en pleno século XXI seguen a escribir sobre o mundo que os rodea, sobre o mundo que te rodea.

O curso arrinca a comezos do século XX con Ramón Cabanillas e logo avanza rapidamente a través do Grupo Nós e da Vangarda, analizando a continuación literatura galega durante a ditadura franquista e o e conseguinte exilio. A parte máis interesante, por nova, é a que vai dende finais do século XX até a actualidade, momento en que a literatura galega recuperou completamente o pulso creador.

Esta materia está relacionada con estudos superiores de Filoloxía, Artes escénicas, Estudos Culturais. Se o teu futuro está orientado cara á escrita, non o dubides! Para máis información podes falar con calquera profesor ou profesora do Dpto. de Lingua e Literatura Galega. Atenderémoste gustosamente!





LITERATURA UNIVERSAL



A materia de literatura Universal é unha ferramenta ideal para aprender sobre a diversidade e a complexidade das sociedades, a psicoloxía e o comportamento do ser humano. Non ten base científica, non é historia, non revela datos obxectivos sobre o mundo que nos rodea, mais axúdanos a interpretalo. A través dos textos podemos entender mellor a dor, o odio, o amor, a morte, a guerra, a natureza humana, en definitiva. Contribúe tamén a desenvolver a empatía; ao ler sobre crenzas, experiencias e coñecementos diferentes abrimos a nosa mente, e, alén do todo o anterior, axuda a desenvolver a intelixencia creativa.

A avaliación da materia será principalmente a través de comentarios literarios, análises de textos, traballos de investigación e exposicións orais. A lectura e o traballo cos textos será a nosa prioridade.



PROXECTOS ARTÍSTICOS

Cres que a **arte** é una **ferramenta de expresión persoal** e gustaríache saber máis sobre como planificar, proxectar e executar as túas ideas, convertilas nunha realidade e ver o efecto que estas creacións causan na túa contorna física ou na rede? Deberías cursar esta materia!



Que vou aprender?

A través de microproxectos ou **proxectos** máis ambiciosos, individuais ou en grupo, vas a aprender a **materializar as túas ideas artísticas nun contexto interdisciplinar**, abordando cada un dos procesos necesarios:

- Investigación e búsqueda/clasificación/arquivo de información.
- Selección de materiais/soportes/técnicas/espazos.
- Realización de bosquexos/esquemas/maquetas.
- Profundización nalgunhas técnicas e procedementos.
- Explicación e defensa dun proxecto artístico.

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Vas a **participar activamente na realización de proxectos artísticos** para coñecer as distintas **funcións** que podes desempeñar dentro de un **equipo de traballo** e **fases que conforman este tipo de proxectos**: xeración e selección de propostas, planificación, xestión, avaliación e difusión de resultados...

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

Grado en Belas Artes, Artes Plásticas e Deseño.

Desempeños profesionais: Deseño de escenografías, espectáculos e eventos...

Para máis información falar con... Blanca Barrio.



RELIXIÓN

Que vou a aprender?

Querido/a alumno/a, si este curso decides elixir a materia de Relixión Católica en 1º BACHARELATO, entre outras moitas cousas, faremos unha viaxe interior e exterior para tratar de discernir cal é o Sentido da Vida . Partindo da idéa de que só cada un é quén de dar á súa vida o sentido que considere, recorreremos diferentes propostas humanistas ao longo da Historia. Descubriremos a confusión, anulación e dor persoal que xeran as numerosas sectas aos seus captados ao longo do Mundo amparadas nunha enganosa idea e proposta de Sentido. Acercarémonos ás propostas das diferentes relixións sobre o sentido da vida, incidindo nos sinxelos valores que a proposta cristiá presenta para axudar a cada quen a discernir a súa vocación persoal e a atopar o sentido da súa vida e poder acadar un proxecto vital con sentido, desde o razoamento, a capacidade crítica, e a liberdade persoal.



Que vou a facer (como me van a avaliar):

Faremos todo o traballo nas horas de clase. A profesora elabora e aporta o material sobre o que traballarás cada bloque temático. Utilizaremos: guións, textos, fichas, mapas, imaxes, noticias da actualidade, cine, materiais na web, xogos e dinámicas grupais..., para que ti mesmo/a de xeito autónomo seas protagonista da túa propia aprendizaxe, e vayas elaborando o teu personal libro de texto.

Para a túa avaliación contará: o traballo individual/grupal, a actitude cara a materia, ti mesmo/a e os demais, o ficheiro ao día, máis unha sinxela autoavaliación trimestral do traballado na aula, que che axudará a darte conta de que si prestas atención e participas con escoita activa na clase, sabes moito máis do que ti crés.

Teremos a posibilidade de interacción e colaboración en proxectos e campañas con diferentes entidades, asociacións e ONX, así como de saídas extraescolares para reforzar in situ coñecementos previos e a cohesión do grupo.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Presentamos valores esenciais válidos para calquera orientación e rama profesional que decidas escoller: humanística e artística, tecnolóxica, científica, da saúde, etc. Temos achegamentos a moitas facetas do coñecemento, que poden servir de base para diferentes estudos como: a Historia Antiga e Contemporánea, Historia da Arte, Belas Artes e Restauración, Arqueoloxía, Xeografía, Antropoloxía, Socioloxía, Maxisterio, Resolución de conflitos e mediación, Ecoloxía, Literatura Universal, Filosofía, Ética, Psicoloxía, Pedagogía, Teoloxía seglar ou sacerdotal, Ciencias Relixiosas, Dereito antigo e actual, Linguas Clásicas (latín e grego), Patrimonio cultural (material e inmaterial), Servicios Sociais, etc, sen perder nunca de vista a potenciación do teu valor como persoa que é un tesouro único, valioso e irrepetible, acompañándote no camiño de búsqueda da túa vocación persoal e do Sentido da túa vida.

Para máis información falar coa profesora de Relixión : Elena Ferro Dios



TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA I y II

Estas materias están orientadas as carreiras técnicas e aos ciclos de formación profesional das familias tecnolóxicas. A coherencia e a continuidade con etapas anteriores faise patente, especialmente con as materias de Tecnoloxía e Dixitalización e Tecnoloxía da educación secundaria obrigatoria.

No primeiro curso incidirase na participación en proxectos e no segundo, na elaboración de proxectos de investigación e innovación.



Que vou a aprender?

«Proxectos de investigación e desenvolvemento» centrase na metodoloxía de proxectos, dirixida a ideación e a creación de produtos e a seu ciclo de vida.

«Materiais e fabricación» aborda os criterios de selección de materiais e as técnicas mais apropiadas para a súa transformación e posterior elaboración de solucións tecnolóxicas sostibles.

«Sistemas mecánicos» e «Sistemas eléctricos y electrónicos» fan referencia a elementos, mecanismos e sistemas que den a base para a realización de proxectos ou para a ideación de solucións técnicas.

«Programación, automatización e control» afronta a actualización de sistemas técnicos para o seu control automático mediante a simulación ou montaxe, traballando saberes relacionados coa informática, tales como a programación textual ou as tecnoloxías emerxentes, para a súa aplicación a proxectos técnicos e a sistemas de control.

«Tecnoloxía sostible» proporciona ao alumnado unha visión da materia en función dalgunhas das metas dos obxetivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Que vou a facer (como me van a avaliar):

Os materiais estarán aloxados na aula virtual MOODLE e realizarán traballos de investigación, exposicións audiovisuais e tarefas relacionadas cos contidos. Probas escritas, cuestionarios, e traballos realizados polo alumnado serán os instrumentos para a súa avaliación.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Está relacionada coas carreiras técnicas e ciclos de formación profesional das ramas tecnolóxicas.

Para máis información falar con...

X.D. TECNOLOXÍA Venancio Piñeiro



TIC I y TIC II



A proposta da materia incide no desenvolvemento de estratexias de búsqueda, análise e procesamento da información facendo uso da web, ordenadores e outros dispositivos no propio proceso de ensino-aprendizaxe, dominio do software adecuado para diseñar e xerar produtos de comunicación (textos, sonido, imaxes e vídeo), manexo de procesadores de texto, programas de cálculo, deseño de presentacións, deseño web, etc., para crear, procesar, publicar e compartir información de maneira colaborativa ou individual, e todo elo respetando os dereitos e liberdades individuais e de grupo, e mantendo unha actitude crítica e de seguridade no uso da rede.

Que vou a aprender?

Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural, para diseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.

Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producciones dixitais que cumpran uns obxetivos complexos.

Desenvolver e depurar aplicacións informáticas analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa

Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.

Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respetuosa.

Que vou a facer (como me van a avaliar):

Os materiais estarán aloxados na aula virtual MOODLE e realizarán traballos de investigación, exposicións audiovisuais e tarefas relacionadas cos contidos. Cuestionarios, e traballos realizados polo alumnado serán os instrumentos para a súa avaliación.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais:

Está relacionada con tódolos grados universitarios e ciclos de formación profesional, xa que é unha materia transversal de utilización xeral.

Para máis información falar con...

X.D. TECNOLOXÍA Venancio Piñeiro



VOLUMEN

Se tens interese na **escultura**, no **deseño** e fabricación de **maquetas** e **obxectos tridimensionais** -que sexan utilitarios ou non-, na manipulación de materiais como o **barro**, **xeso**, **madeira**, **arame**, **cartón**... Se che gustaría coñecer os materiais e técnicas para **modelar**, **esculpir**, **tallar**, **construir**... nesta materia encontrarás todo iso.



Que vou aprender?

Nesta materia vas a “educar a mirada” para **valorar e comprender as formas volumétricas**. Vas a coñecer os materiais e as técnicas que te permitirán **crear obxectos artísticos ou utilitarios tridimensionais**. Aprenderás a sacar o máximo partido ás cualidades plásticas destes **materiais** e mellorar as túas **destrezas** prácticas e de observación e análise, así como coñecer aos **artistas** e creadores máis importantes no ámbito da escultura, a instalación...

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Vas a **traballar con materiais** diversos, escolléndooos en función das súas cualidades, **para crear obxectos e composicións tridimensionais**. Vas a acceder ao coñecemento de cánones de proporción e a **entrenar a vista para analizar e valorar** este aspecto nas **representacións volumétricas**, así como os efectos que a **luz**, as **texturas**, o **ritmo**, o **peso** e a **gravidade**... producen na nosa percepción e disfrute de figuras, obxectos e espazos.

Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

Grado en Belas Artes; Grado en Conservación e Restauración de Bens Culturais; Grados en Deseño de Interiores, Moda, Industrial e de Productos; Grados en Deseño de Videoxogos e Animación 2D e 3D.
Desempeños profesionais: Cantería, Cerámica, Ebanistería, Forxa, Vidro...

Para máis información falar con... Blanca Barrio.

2º BACHARELATO

(Ciencias da saúde)

COMUNES

HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

BIOLOXÍA (4 h.)
MATEMÁTICAS II (4 h.)
QUÍMICA (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

FÍSICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NUMÉRICOS (4 h.)
PSICOLOXÍA (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN II (TIC) (4 h.)
XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

2º BACHARELATO

(Científico-Tecnolóxico)

COMUNES

HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

MATEMÁTICAS II (4 h.)

Elexir dúas entre:

DEBUXO TÉCNICO II (4 h.)
FÍSICA (4 h.)
TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

FÍSICA (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS (4 h.)
MÉTODOS ESTATÍSTICOS E NUMÉRICOS (4 h.)
PSICOLOXÍA (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN II (TIC) (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

2º BACHARELATO

(Ciencias sociais)

COMUNES

HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

ECONOMÍA E MODELO DE NEGOCIOS (4 h.)
HISTORIA DA ARTE (4 h.)
MATEMÁTICAS APLICADAS II (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS II (4 h.)
MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS (4 h.)
PSICOLOXÍA (4 h.)
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN II (TIC) (4 h.)
XEOGRAFÍA (4 h.)
XEOGRAFÍA, HISTORIA E PATRIMONIO DE GALICIA (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)

RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

2º BACHARELATO

(Humanidades)

COMUNES

HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

GREGO II (4 h.)
HISTORIA DA ARTE (4 h.)
LATÍN II (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS II (4 h.)
PSICOLOXÍA (4 h.)
XEOGRAFÍA (4 h.)
XEOGRAFÍA, HISTORIA E PATRIMONIO DE GALICIA (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)
RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

2º BACHARELATO

(Artes plásticas, imaxe e deseño)

COMUNES

HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

DEBUXO ARTÍSTICO II (4 h.)
DESEÑO (4 h.)
FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES II (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS II (4 h.)
PSICOLOXÍA (4 h.)
TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA (4 h.)
XEOGRAFÍA, HISTORIA E PATRIMONIO DE GALICIA (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)
RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)

2º BACHARELATO

(Musical e escénico)

COMUNES

HISTORIA DE ESPAÑA (3 h.)
HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 h.)
LINGUA CASTELÁ (3 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA—INGLÉS (3 h.)
LINGUA GALEGA (3 h.)

DE MODALIDADE

ANÁLISE MUSICAL II (4 h.)
ARTES ESCÉNICAS II (4 h.)

Elexir unha entre:

LITERATURA DRAMÁTICA (4 h.)
HISTORIA DA MÚSICA E DANZA (4 h.)

OPTATIVAS (A elexir unha)

CORO E TÉCNICA VOGAL II (4 h.)
LINGUA ESTRANXEIRA (2ª LINGUA)—FRANCÉS II (4 h.)

(A elexir unha)

ATENCIÓN EDUCATIVA (1 h.)
RELIXIÓN CATÓLICA (1 h.)



CORO E TÉCNICA VOGAL I y II

A través do coro, as alumnas e os alumnos poden explorar e experimentar diferentes manifestacións culturais; trasladar á práctica o que se traballou en cursos anteriores e interpretar unha gran variedade de pezas de diferentes períodos históricos, culturais e estilos aplicando os coñecementos, as destrezas e actitudes adquiridos previamente.

Cantar individualmente ou en grupo é unha actividade motivadora, benéfica para a saúde, tanto no ámbito físico como mental, xa que favorece a postura corporal, a capacidade pulmonar, a memoria, reduce a tensión, mellora as relacións sociais e crea empatía, conciencia de grupo e dálle importancia ao traballo grupal. Ademais, ao igual que a práctica doutras actividades grupais musicais, axuda a desenvolver a perseveranza, disciplina, esforzo e constancia, ao tempo que contribúe ao fortalecemento da autoestima.

A materia de Coro e Técnica Vocal impártese en dous cursos, polo que se espera que o currículo se desenvolva de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de expresión artística colectiva, onde desenvolver e mellorar a habilidade de interpretar, a través da voz e do corpo, un repertorio extenso e variado desenvolvendo e mellorando a escoita activa, a respiración, a fonación, a resonancia vocal, os hábitos posturais ou os movementos que poden acompañar o canto.


Os criterios de avaliación e os contidos preséntanse organizados en tres bloques:

- Análise de piezas corais: vocabulario, estratexias de escoita activa, recursos escénicos...
- Técnica vocal: coidado da voz e a postura do corpo, vocalizacións...
- Práctica de conxunto: repertorio de coro, indicacións da dirección...



DEBUXO TÉCNICO II

No segundo curso de Debuxo Técnico os contidos e destrezas da materia adquiren un maior grao de dificultade e afondamento con respecto ao primeiro curso.



Que vou aprender?

Sobre a base do aprendido no primeiro curso, en Debuxo Técnico II vas a razoar e resolver **problemas de construción de figuras** e de **tanxencias**, incorporando novos conceptos como os de **transformación** e **potencia**. Aprenderás novos trazados como as **curvas cónicas** (elipse, parábola e hipérbola), presentes en moitas obras de arquitectura e enxeñería. Profundizarás no estudo dos **sistemas de representación** para poder realizar operacións de certa complexidade. **Sistema acotado**, **axonométrico** e **perspectiva cónica**.

Que vou facer (como me van a avaliar)?

Para o éxito nesta materia é **importante ter cursado Debuxo Técnico I** xa que este segundo curso supón un avance e maior profundización do feito o curso anterior. Vas a construír figuras planas aplicando **transformacións xeométricas**; resolver figuras con **tanxencias por potencia**; trazar **curvas cónicas**; representar **corpos xeométricos no Sistema Diédrico** e resolver problemas xeométricos mediante **abatiementos**, **xiros**, **cambios de plano**; representar a realidade tridimensional mediante **axonometrías** e **sistema cónico**; coñecer e aplicar as normas (**Normalización**) e aprender a desenvolver **proxectos gráficos**.


Con que estudos superiores está relacionada/desempeños profesionais?

Grado en Estudos de Arquitectura, Grado en Arquitectura Técnica e estudos relacionados co deseño de interiores. Enxeñerías: Mecánica, Industrial, Electrónica, Edificación, Obras Públicas...

Para máis información falar con... Joaquín Morales ou Xoán Pérez.

DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS AAPP E AO DESEÑO

